



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/1/2014	CONYI0B5
120P60045H46434F0ST2	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS PROPOSIÇÕES TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

- D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral
- D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental
- D. Guillermo Sánchez Fojo, concelleiro delegado de Seguridade Cidadá
- D. Eduardo Pita García, intendente xefe da Policía Local

Secretario da Mesa: D. Ignacio Mazaira Garro, xefe da Sección de Contratación.

Sendo as 13:00 horas do día trinta de abril de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Narón .

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado polo oficial da Policía Local Jose Antonio Carballido Vázquez, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de licitación non cuantificables economicamente das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, outorga a máxima puntuación á empresa Api Movilidad, de acordo co seguinte cadro:

	API MOVILIDAD	BARRERAS DE SEGURIDAD	BELELLE FERROL	DIEZ Y COMPAÑÍA	PACASA	PARQUET ALBANESE	PROSEÑAL	SALUDES	TUIMIL
Procedemento de seguimento e trazabilidade dos traballos para realizar desde a petición de traballo por parte do Servizo ata a recepción do mesmo	5	3	0	0	0	0	3	0	3
Procedementos de control de calidade da execución e os materiais	5	5	0	5	3	0	5	0	1
Organización do persoal	2	2	0	2	2	0	2	0	2
Procedementos de comunicación entre o Servizo e o adxudicatario	5	0	2	4	4	3	5	1	4



CONCELLO DE NARÓN

Oficinas, almacén, enderezo, horarios e persoal que propoñen para a realización dos traballos	20	16	2	16	16	1	20	1	7
Maquinaria	45	22	8	28	41	5	46	0	8
Material en stock de que disporá o licitador para estes traballos	3	0	0	0	0	0	0	0	2
Características técnicas dos materiais ofertados debidamente documentados, achegando certificados de calidade e homologación	4	4	0	4	0	0	4	2	0
Proposta de programa de traballos	3	2	0	3	3	0	1	0	3
SUMA DE TODOS OS CONCEPTOS	92	54	12	62	69	9	86	4	30
PUNTUACIÓN FINAL	46	27	6	31	35	5	43	2	15

A Mesa de Contratación acordou ratificar este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Levantada a sesión pola presidencia, as trece horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente acta que, tras a súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, do que, como secretario, dou fe.